



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRINTA E UN DE AGOSTO DO DOUS MIL CINCO.

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes e D. César Ricardo Naval Parapar.

INTERVENTOR.

XUSTIFICA A SÚA AUSENZA

D. Fidel García Martul.

SECRETARIA

D.^a Sara Martínez Álvarez

ENXEÑEIRO:

XUSTIFICA A SÚA AUSENZA

D. Alfonso Tenorio Aranguren

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as dezasete horas e trinta minutos do día trinta e un de agosto do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do interventor, D. Fidel García Martul, e a da Secretaria, D.^a Sara Martínez Álvarez, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

1º.- CORRESPONDENZA OFICIAL.

1.1.- ESCRITO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO SOBRE CALENDARIO LABORAL E DETERMINACIÓN DE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2006.

Dáse conta do escrito da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, sobre a determinación do calendario laboral para o ano 2006 na Comunidade Autónoma de Galicia, e co obxecto de proceder á confección do referido a esta provincia, deberá remitirse, antes do próximo 20 de setembro, notificación na que se determinen os dous días que para todo o termo municipal de Viveiro se fixen como festas locais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Fixar as festas locais para o ano 2006, o martes de antroido, 28 de febreiro, e o 16 de agosto, festividade de San Roque, Copatrón da cidade de Viveiro.

2º.- Dar conta deste acordo na sesión do próximo Pleno para a súa ratificación, e remitir á Delegación Provincial da Consellería de Traballo, certificación do devandito acordo para a súa publicación posterior no BOP.



1.2.- ESCRITOS DA EMPRESA COPASA SOBRE PERMISOS DE EXECUCIÓN DE COLECTORES DA OBRA DE AMPLIACIÓN DOS COLECTORES XERAIS E NOVA EDAR DE VIVEIRO-1ª FASE.

Dáse conta dos escritos da Empresa COPASA, solicitando autorización para realizar os permisos necesarios para a execución da obra “Ampliación de dous colectores xerais e nova Edar en Viveiro, 1ª fase Lugo”, ubicados: un no Polideportivo e o outro no lugar de Rego, xunto ao Centro de Saúde; sendo o promotor destas obras a Xunta de Galicia, a través da Empresa Pública de Obras e Servicios Hidráulicos; adxudicada a S. A. de Obras e Servicios, COPASA.;

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado ao departamento de obras e urbanismo para a súa tramitación.

1.3.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO, ACHEGANDO CERTIFICACIÓN.

Dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Urbanismo, remitindo certificación do informe emitido pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, en relación co expediente de “Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento de Viveiro (Lugo), para posibilitar a creación do parque empresarial de Chavín” (LU-04006).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e trasladar copia ao departamento de Obras e Urbanismo.

1.4.- ESCRITO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE, COMUNICANDO NOMEAMENTO.

Dáse conta de escrito da Delegación Provincial de Lugo, da Consellería de Sanidade, comunicando nomeamento de Farmaceútica Titular, Dª. Beatriz Galdo Vázquez, con carácter interino en substitución da titular da praza por vacacións, do 1 ao 30 de setembro de 2005.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada.

1.5.- ESCRITO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE, ACHEGANDO RESULTADOS DE INSPECCIÓN DAS ZONAS DE BAÑO.

Dáse conta do escrito da Delegación Provincial de Consellería de Sanidade, no que se achegan os resultados da calidade sanitaria das augas das zonas habilitadas para o baño, conforme aos resultados das análises microbiolóxicas correspondentes ao control nº 7, resultando APTOS os seguintes puntos de mostraxe:

| | |
|-----------|--------------------|
| 270660521 | AREA-Punto único |
| 270660543 | COVAS-Esquerda |
| 270660544 | COVAS-Dereita |
| 270660561 | SACIDO-Punto único |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada.

1.6.- ESCRITO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO, REITERANDO INFORME.

Dáse conta do escrito da Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, reiterando informe relativo á declaración de utilidade pública e á aprobación do proxecto “reforma saída subestación Magazos LMT Covas e LMT Centrais.”, solicitada por BEGASA.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordas darse por informada e dar traslado do presente escrito ao Enxeñeiro municipal a fin de que emita o informe correspondente.

1.7.- ESCRITO DA ONCE, SOLICITANDO COLABORACIÓN.

Dáse conta do escrito da Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE), manifestando que están preparando a edición dunha colección de cupóns diarios para o vindeiro mes de xaneiro, dedicada aos concellos españois e, solicitando a colaboración do Concello para que se lles faciliten os seguintes aspectos:

- Un escrito formal de conformidade co proxecto.
- Nome oficial do concello, provincia e comunidade autónoma á que pertenza.
- Unha reprodución do escudo do concello.
- Unha reprodución do edifizio, monumento, produto, etc. que queiran incluír no cupón.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda efectuar colaboración coa ONCE, dando traslado á Secretaría da Alcaldía para cumprimentación da documentación requirida, facilitando unha reprodución da Porta de Carlos V desta Cidade.

1.8.- ESCRITO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE LUGO, SOBRE A RECLAMACIÓN DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO E EMPRAZAMENTO.

Dáse conta do escrito do Xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, no que comunican a interposición do recurso número 2005-371-A, cuxo recorrente é D. Vicente-Manuel Fernández Rodríguez, contra desestimación por silencio administrativo negativo do recurso de reposición interposto o 18 de maio do 2005, fronte á denegación por silencio administrativo negativo da reclamación de pago de 45.520,88 euros, formulada polo recorrente con data de 22-11-2004 e, asemade, reclaman o expediente administrativo e emprazan a esta Administración como a demandada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

- 1º.- Que se remita o expediente reclamado.
- 2º.- Encomedar a defensa Letrada deste Concello no citado recurso 2005-371-A ao Bufete “Lois & Lois”.

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de Intervención para a súa tramitación, así como ao Bufete “Lois & Lois”.

1.9.- ESCRITO DO CONCELLO DE LOURENZÁ, ACHEGANDO CERTIFICACIÓN DE ACORDO.

Dáse conta do escrito do Concello de Lourenzá achegando certificación do acordo adoptado polo Pleno dese Concello na sesión celebrada o día 22/08/05, relativo a unha proposta da alcaldía para elaboración dunha moción conxunta sobre plantacións forestais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do escrito ao departamento de obras e urbanismo para a súa inclusión nunha sesión da Comisión Informativa de Obras.

2º.- LICENZAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar, previo pagamento das taxas municipais correspondentes, as seguintes licenzas de obras menores, que se expiden agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, debendo iniciarse no prazo de un mes e rematarse no de



seis meses contados desde o día seguinte ó da notificación do acordo de concesión da licenza; transcorridos os devanditos prazos, iniciárase expediente para instar a caducidade da licenza.

2.1.- **A DE “CELEIRO FRANCO, S.L.”**, con domicilio social en Burela, r/Viveiro, 30, que solicita a licenza regulamentaria para realizar obras de acondicionamento dun local situado na Avda. de Ferrol, 15, consistentes en:

- Pintar nunha superficie de 150 m².
- Colocar pedra do país na fachada exterior, así como escaparate e porta.

3º.- **LICENZAS DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

Vistos os expedientes tramitados a instancia dos veciños que se dirán, que solicitan a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento neste municipio, cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende, a Xunta de Goberno Local, en uso das facultades conferidas pola Lei reguladora das bases de réxime local, do 2 de abril de 1985, e Texto Refundido das disposicións legais en materia de réxime local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal; por delegación do Sr. Alcalde, outorgada por resolución de data de 19 de xuño de 2003, acorda conceder as licenzas que se solicitan, así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figuran no expediente, ascendendo o importe á cantidade que se cita a continuación, que deberá ser ingresada, previamente, nas arcas municipais, sen o cal as licenzas non producirán efecto ningún:

3.1.- **A DE D.^a ELIA FRANCO CUBA, en representación de “CELEIRO FRANCO, S.L.U.”**, veciña de Burela e con domicilio na rúa Pardo Bazán, 30-4ºD, que solicita a licenza regulamentaria para proceder á apertura dun local destinado a COMERCIO POLO MIÚDO DE PREGAS DE VESTIDO, CALZADO E TOCADO, a situar na Avda. de Ferrol, 15-17-baixo, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 440,39 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.
- O petionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

3.2.- **A DA “FONTE DA AREA, S.L.”**, con domicilio social na Avda. de Cervantes, 3, que solicita a licenza regulamentaria para proceder ao cambio de titularidade do local comercial situado na Avda. de Cervantes, 3-baixo, destinado a CAFE-BAR, o cal figuraba a nome de, _____, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 206,56 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.
- O petionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

3.3.- **A DE D.^a MARÍA JEÚS FERNÁNDEZ PETEIRA**, veciña de Lugo e con domicilio na rúa Miguel de Cervantes, 43-4º, que solicita a licenza regulamentaria para proceder á apertura dun local destinado a AXENZA INMOBILIARIA, a situar na rúa Margarita Pardo de Cela, 22-baixo, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 492,97 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.



- O peticionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

3.4.- **A DE D.^a M^a CARMEN DÍAZ PÉREZ,** veciña de Viveiro e con domicilio en Granxas, 2, que solicita a licenza regulamentaria para proceder á apertura dun local destinado a COMERCIO POLO MIÚDO DE MATERIAL ELÉCTRICO, a situar na Avda. de Galicia, 5-baixo, previo pagamento das taxas municipais correspondentes que ascenden á cantidade de 283,81 €uros e cos seguintes condicionamentos:

- Só poderá exercerse a actividade para a que se lle concedeu a licenza.
- O peticionario queda obrigado á observancia de cantas disposicións de carácter xeral e de policía local afecten á actividade de que se trate.

4º.- **RESOLUCIÓN DE INSTANZAS.**

4.1.- **ESCRITO DE D. PEDRO RODRÍGUEZ REGUEIRO, SOLICITANDO DUPLICADO DE ACORDO.**

Dáse conta de escrito de D. Pedro Rodríguez Regueiro, veciño de Viveiro e con enderezo no lugar de Portochao, 10, parroquia de Galdo, solicitando se lle expida un duplicado do acordo no que se lle concedeu licenza de obras para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Engrobias, Portochao, Galdo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda trasladar copia do presente escrito ao departamento de obras e urbanismo para a súa tramitación, debendo facilitar o interesado os datos necesarios para a cumplimentación de peticións.

4.2.- **ESCRITO DE D.^a AMELIA SUÁREZ GUTIÉRREZ, INFORMANDO SOBRE DEFICIENZAS EN PARQUES INFANTÍS.**

Dáse conta do escrito de D.^a Amelia Suárez Gutiérrez, veciña de Madrid, con domicilio na rúa Tomás Bretón, 3, 4º B, informando sobre deficienzas existentes nos parques: “Pernas Peón” e o situado detrais do edificio “Parquemar”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado de dito escrito ao Concelleiro-delegado de Obras, D. José Luis Docampo Fortes.

4.3.- **ESCRITO DE D.^a ELSA CAMPOS MUÑOZ, SOLICITANDO PRÓRROGA DE ARQUIVO DE LICENZA DE OBRAS.**

Dáse conta de escrito de D.^a Elsa Campos Muñoz, en representación da empresa Do Acido C.B., con domicilio social no Acido, Galdo, Viveiro, solicitando unha prórroga no arquivo da licenza de obras núm.: 2005/36, de data 25 de xaneiro do 2005, dado que sufriron un retraso na súa vía de financiación, e calculando que nun prazo de 20 días a partir desta data poderán presentar a xustificación do pago das taxas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda comunicar a D.^a Elsa Campos Muñoz que deberán aboar as taxas municipais correspondentes.

4.4.- **ESCRITO DE JESÚS GARCÍA MARTÍNEZ, SOLICITANDO ABONO DE REPARACIÓN.**

Dáse conta do escrito de D. Jesús García Martínez, en calidade de presidente da Comunidade de propietarios Juan Donapetry, 6, Viveiro, manifestando que dita Comunidade sufríu unha inundación de augas fecais na planta do garaxe, motivada pola obstrución dun rexistro de obra,



existente na beirarrúa e que as obras realizadas posteriormente polo Concello na pavimentación da rúa taponaron, impedindo o correcto uso das instalacións sanitarias das vivendas, polo que procedía a súa reparación urxente, feito que levou a cabo a empresa “Aquagest”, por orde da Comunidade e, solicitando que o Concello se faiga cargo do abono da dita reparación que ascende á cantidade de 744,4 € segundo orzamento que achegan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado ao departamento de Intervención para que se proceda ao aboamento, e ao departamento de obras e contratación para reclamación do importe á empresa adxudicataria das obras.

4.5.- ESCRITO DE D. JOSÉ CALVO CHAO E D^a. ANA BELÉN PÉREZ PARAPAR, SOLICITANDO A INSCRICIÓN NO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO.

Dáse conta do escrito de D. José Calvo Chao e D^a. Ana Belén Pérez Parapar, veciños de Viveiro e con domicilio no barrio do Pedregal, 10-1^o-A, da parroquia de Covas, no que solicitan a súa inscrición no rexistro municipal de parellas de feito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1^o.- Inscibir no rexistro municipal de parellas de feito a D. José Calvo Chao e D^a. Ana Belén Pérez Parapar.

2^o.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Subsecretaría para a súa tramitación.

4.6.- ESCRITO DE D. ANDRÉS LÓPEZ BLANCO, SOLICITANDO APROBACIÓN DE CONVENIO.

Dáse conta do escrito de D. Andrés López Blanco, en representación da Sociedade Mercantil “Andrés López Blanco, S. L.”, con domicilio social na Avda. de Ferrol, 21, Viveiro, expoñendo que é propietario duns solares en Covas, lugar de Grallal, rúa Vicente Emilio Bouza Basanta, nos que pretende realizar un Convenio con este Concello de acordo ao modelo de contrato que adxunta e, solicitando a aprobación do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do presente escrito á funcionaria do departamento de obras e urbanismo, D^a. María Isabel Parapar Ben, para a súa inclusión nunha próxima sesión da Comisión Informativa de obras e urbanismo e ao obxecto de que lles facilite copia do mesmo aos concelleiros integrantes da dita Comisión.

4.7.- ESCRITO DE D. JOSÉ GERMÁN ARNEJO CORTIÑAS, SOLICITANDO PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA.

Dáse conta do escrito de D. José Germán Arnejo Cortiñas, veciño de Oourol, e con domicilio en Xerdiz, lugar de Vilachá, 13, no que solicita unha prórroga da licenza de obra concedida con data 13-10-03 para peche de semisoto e substitución de cangos deteriorados e lousa do tellado, nunha superficie de 100 m²., no lugar de Campo dos Bois, 8, Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado e concederlle unha prórroga polo prazo de tres meses.

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de obras e urbanismo.

4.8.- ESCRITO DE D^a. CARMEN MARTÍNEZ CORTIÑAS, SOLICITANDO ABO-NO DO IMPORTE DO TRANSPORTE.

Dáse conta do escrito de D^a. Carmen Martínez Cortiñas, veciña de Viveiro e con domicilio na rúa Nicolás Cora Montenegro, 80, 2^o, esqu., soliciando se lle abone o importe do transporte da viaxe de ida e volta, uns oito kms., para ir a limpar a praia de Area, durante 54 días.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do presente escrito ao Encargado, D. Ramón Cazás Balsa, a fin de que emita informe sobre a procedenza da solicitude para o seu aboamento polo departamento de Tesourería municipal.

4.9.- ESCRITO DE D. ENRIQUE SAPENA MARTÍNEZ, SOLICITANDO DOCUMENTACIÓN.

Dáse conta do escrito de D. Enrique Sapena Martínez, veciño de Madrid, con domicilio na rúa Andrés Mellado, 35, propietario do edifizo situado na rúa Misericordia, 73, de Viveiro, no que solicita copia do expediente completo de Estadio de Detalle de Primera Calidad Promoción de Viviendas, S. L., para ordenación de volumes na rúa Misericordia, segundo o proxecto do arquitecto D. Jesús Fernández López, así como copia da licenza de obras e anexos do edifizo “Mansión del Indiano II”, e advertindo que de non acreditar a correcta notificación aos propietarios, estaríase ante un acto nulo de pleno dereito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Comunicar ao solicitante que pode consultar o expediente completo do referido Estudio de Detalle e licenza de obra, nas dependencias municipais de obras, sitas no Convento de San Francisco e, obter copia daqueles documentos que estime necesarios, previo aboamento das taxas establecidas.

2º.- Emitir informe sobre o cumprimento na tramitación do disposto no artigo 86.2, da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

3º.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Obras e urbanismo para a emisión do informe referido, e así mesmo, se comprobe polo Vixiante urbanístico os aspectos reflectidos no punto 5º do escrito e a adopción de medidas oportunas.

Notifíquese o presente acordo ao interesado.

4.10.- ESCRITO DE D^a. MONTSERRAT CHAO GÓMEZ, SOLICITANDO RELACIÓN DE PROPIEDADES.

Dáse conta do escrito de D^a. Montserrat Chao Gómez, veciña de A Coruña, con domicilio na Avda. Barrié de la Maza, 33, 3º, A, manifestando que sendo herdeira de D. Javier Chao Rodríguez e aparecendo unha finca rústica na parroquia de Faro como propiedade do mencionado, finca que non figura no Catastro actual, é polo que solicita unha relación das propiedades rústicas do citado Sr. Chao Rodríguez, na dita parroquia que aparezan no antigo Catastro, acompañada de documento cartográfico.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitude, previo aboamento das taxas municipais correspondentes.

Dáse traslado do presente acordo á funcionaria encargada do departamento do Padrón de Rústica, D^a. María del Carmen Vale González para a súa tramitación.

4.11.- ESCRITO DE D. JOSÉ MARÍA SANTOS RODRÍGUEZ, SOLICITANDO REVISIÓN DE EDIFIZO POR PERIGO DE DEPRENDIMENTOS.

Dáse conta do escrito de D. José María Santos Rodríguez, veciño de Viveiro e con domicilio no lugar de Playa, núm. 3, da parroquia de Celeiro, informando do estado ruinoso do inmovible colindante coa súa propiedade, acompañando probas fotográficas, a fin de que o Concello tome as medidas oportunas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado do presente escrito á Aparelladora da Oficina do Casco Histórico, D^a. Ana Coya Guerrero, para que emita o informe correspondente.



4.12.- ESCRITO DE D. JUAN MEIJIDE FERNÁNDEZ, SOLICITANDO INFORMACIÓN CATASTRAL.

Dáse conta do escrito de D. Juan Meijide Fernández, en representación de Ibertienda, S. L, veciño de A Coruña, con domicilio en Cambre, rúa Ramón Cabanillas, 11, baixo B, solicitando que a oficina catastral do Concello lle facilite información sobre o propietario do piso 1º dereita da rúa Melitón Cortiñas, desta Localidade, dado que a dita empresa que representa ten que dirixirse ao citado propietario, por problemas no piso da súa propiedade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda tramitar o solicitado.

4.13.- ESCRITO DE Dª NONA PARRATT JERMY, SOLICITANDO ARRANXO DE CAMIÑO.

Dáse conta de escrito de Dª. Nona Parratt Jermy, veciña de A Coruña, Cambre, El Temple, Paseo Marítimo 20, 5º, esquerda, manifestando que é propietaria dunha vivenda sita no lugar do Pirixel, nº 15, de Viveiro, e solicitando asfaltado baixo pequeno tunel no Pirixel.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada.

4.14.- ESCRITO DE Dª. CONSUELO SALETA PEÑA LÓPEZ, SOLICITANDO A BAIXA DO I.V.T.M.

Dáse conta do escrito de Dª. Consuelo Saleta Peña López, veciña de Viveiro e con domicilio na Avda. Nicolás Cora Montenegro, 49, 3º A, no que solicita a baixa do padrón do I.V.T.M., en relación ao vehículo marca Mobylette, matrícula CIC-0042, por ir para o despece fai anos, sen poder acreditar documentalmente dita circunstancia por carecer da súa documentación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Dar de baixa do padrón do I.V.T.M. a Dª. Consuelo Saleta Peña López, en relación ao vehículo marca Mobylette, matrícula CIC-0042.

2º.- Anular os recibos pendentes de pagamento por dito concepto.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención, Tesourería e Recadación.

4.15.- ESCRITO DE D. JESÚS FERNÁNDEZ SANZ, SOLICITANDO LIMPEZA DE PRAIA.

Dáse conta de escrito de D. Jesús Fernández Sanz, veciño de Ginzo de Limia, 62, 6º D, solicitando se restableza o servizo de limpeza na praia de Sacido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada.

4.16.- ESCRITO DE D. HORACIO FERNÁNDEZ OTERO, SOLICITANDO VEHÍCULO CONTRA INCENDIOS.

Dáse conta do escrito de D. Horacio Fernández Otero, en representación de Auto-Escuela “Mundial Viveiro-Foz, S. L.”, solicitando a utilización das instalacións do recinto ferial, como en anteriores ocasións, u outro lugar que consideren adecuado, así como do vehículo contra incendios, o día 11 de setembro, entre as 12,30 ás 14,00 horas, para así poder desenvolver as clases prácticas do Curso de Condutores que transporten Mercancías Perigosas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado segundo o establecido na Ordenanza.



4.17.- ESCRITO DE D. XOSÉ ANTÓN GOÁS BASANTA, SOLICITANDO EXECUCIÓN DE TRABALLOS.

Dáse conta de escrito de D. Xosé Antón Goás Basanta, Concelleiro-delegado de Deportes do Excmo. Concello de Viveiro, solicitando autorización para realizar traballos de acondicionamento no campo municipal de fútbol, que faría D. José Luis Rolle, que importan un total de 2500 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado.

Dáse traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería.

4.18.- CERTIFICACIÓNS FINAIS DE OBRA DO CASCO ANTIGO:

• **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-1º A, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-1º-A.

• **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-1º-B, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-1º-B

• **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-1º-C, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-1º-C.

• **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-2º-A, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-2º-A.

• **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**



Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-2º-B, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-2º-B.

- **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-2º-C, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-2º-C.

- **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-3º-A, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-3º-A.

- **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-3º-B, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-3º-B.

- **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-3º-C, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edificio situado na Travesía da Marina, 19-21-3º-C.

- **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**



Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edifizo situado na Travesía da Marina, 19-21-BCA, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edifizo situado na Travesía da Marina, 19-21-BCA.

• **A DE D. CÉSAR GARCÍA GONZÁLEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. César García González para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edifizo situado na Travesía da Marina, 19-21-BCB, incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. César García González para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edifizo situado na Travesía da Marina, 19-21-BCB.

• **A DE D^a. LUISA DEL CARMEN DOPICO PALEO**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D^a Luisa del Carmen Dopico Paleo para a rehabilitación do edifizo situado na rúa Nicomedes Pastor Díaz, 41, incluída na 6ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D^a. Luisa del Carmen Dopico Paleo para rehabilitación do edifizo situado na rúa Nicomedes Pastor Díaz, 41.

• **A DE D. JORGE LUIS FERNÁNDEZ LÓPEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. Jorge Luis Fernández López para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edifizo situado na rúa Fernández Victorio, 12-1º, incluída na 5ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. Jorge Luis Fernández López para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edifizo situado na rúa Fernández Victorio, 12-1º.

• **A DE D. JORGE LUIS FERNÁNDEZ LÓPEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. Jorge Luis Fernández López para a rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edifizo situado na rúa Fernández Victorio, 12-3º, incluída na 5ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. Jorge Luis Fernández López para rehabilitación de vivenda e elementos comúns do edifizo situado na rúa Fernández Victorio, 12-3º.

• **A DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MARGARITA PARDO DE CELA,
19**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida pola Comunidade de Propietarios Margarita Pardo



de Cela 19 para a rehabilitación do edifizo (elementos comúns) situado na rúa Margarita Pardo de Cela, 19-1º, incluída na 6ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida pola Comunidade de Propietarios Margarita Pardo de Cela, 19, para rehabilitación do edifizo (elementos comúns) situado na rúa Margarita Pardo de Cela, 19-1º.

- **A DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MARGARITA PARDO DE CELA, 19**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida pola Comunidade de Propietarios Margarita Pardo de Cela 19 para a rehabilitación do edifizo (elementos comúns) situado na rúa Margarita Pardo de Cela, 19-2º, incluída na 6ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida pola Comunidade de Propietarios Margarita Pardo de Cela, 19, para rehabilitación do edifizo (elementos comúns) situado na rúa Margarita Pardo de Cela, 19-2º.

- **A DE Dª. MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ GÓMEZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por Dª. María del Carmen López Gómez para a rehabilitación da vivenda situada na Avda. García Dóriga, 15-2º-Esq., incluída na 6ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por Dª. Mª. del Carmen López Gómez, para rehabilitación da vivenda situada na Avda. García Dóriga, 15-2º-Esq.

- **A DE Dª. MARÍA DEL CARMEN NOVOA IGLESIAS.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por Dª. María del Carmen Novoa Iglesias para a rehabilitación da vivenda e elementos comúns do edifizo situado na Avda. Nicolás Cora Montenegro, 51B-3º-A., incluída na 4ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por Dª. Mª. del Carmen Novoa Iglesias, para rehabilitación da vivenda e elementos comúns do edifizo situado na Avda. Nicolás Cora Montenegro, 51B-3º-A.

- **A DE Dª. CARMEN COCIÑA SEIJO.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por Dª. Carmen Cociña Seijo para a rehabilitación da vivenda situada na rúa Pedro Farto, 8, incluída na 5ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por Dª. Carmen Cociña Seijo, para rehabilitación da vivenda situada na rúa Pedro Farto, 8.

- **A DE D. MANUEL PARDO PÉREZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. Manuel Pardo Pérez para a rehabilitación da vivenda e elementos comúns do edifizo situado na rúa Irmáns Vilr Ponte, 13 A-1º, incluída na 5ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. Manuel Pardo Pérez para rehabilitación da vivenda e elementos comúns do edificio situado na rúa Irmáns Vilar Ponte, 13 A-1º.

• **A DE D. MANUEL PARDO PÉREZ.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida por D. Manuel Pardo Pérez para a rehabilitación da vivenda e elementos comúns do edificio situado na rúa Irmáns Vilar Ponte, 13 A-3º, incluída na 5ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. Manuel Pardo Pérez para rehabilitación da vivenda e elementos comúns do edificio situado na rúa Irmáns Vilar Ponte, 13 A-3º.

• **A DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS IRMÁNS VILAR PONTE Nº 13 A.**

Vista a certificación final da obra presentada pola Oficina Municipal de Rehabilitación do Casco Histórico, en relación coa obra promovida pola Comunidade de Propietarios Irmáns Ponte Nº 13 A, para rehabilitación de edificio (elementos comúns) situado na rúa Irmáns Vilar Ponte, 13 A, incluída na 5ª Fase do Plan de Rehabilitación Integrada do Casco Histórico de Viveiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a certificación final da obra promovida por D. Manuel Pardo Pérez para rehabilitación da vivenda e elementos comúns do edificio situado na rúa Irmáns Vilar Ponte, 13 A.

4.19.- ESCRITO DE D.ª CARMEN LÓPEZ ALONSO, SOLICITANDO UNHA PLACA DE PASAXE PERMANENTE.

Dáse conta do escrito de D.ª Carmen López Alonso, veciña de Viveiro e con domicilio na Avda. de Vilalba, 16, expoñendo que, en relación coa solicitude de autorización para colocar unha placa de pasaxe permanente no domicilio indicado e, constando no informe da Policía Local que o acceso faise a través da beirarrúa é polo que, solicita que sexa modificado o citado informe xa que dito acceso faise directamente ao nivel da calzada, non existindo beirarrúas nese tramo de rúa.

Visto o novo informe emitido pola Policía Local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar a colocación da placa de pasaxe permanente solicitada, e dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesourería para a súa tramitación.

4.20.- ESCRITO DE D. VICENTE SERRANO MARÍN, SOLICITANDO OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA.

Dáse conta do escrito de D. Vicente Serrano Marín, veciño de Madrid, con domicilio Sevilla La Nueva 28609, rúa Severo Ochoa, 3, solicitando ocupación da vía pública cun colector, na rúa Vicente Cociña, 17, desta Cidade, sendo as medidas do mesmo, cuxas medidas son: 2,5 m. longo x 1,50m. Ancho, e a data de colocación de colocación o día 18 de agosto do 2005, avisándose da data retirada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar o solicitado e dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesourería para a liquidación das taxas municipais correspondentes.

4.21.- ESCRITO DE D. JAVIER GARCÍA PARAPAR, SOLICITANDO OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA.



Dáse conta de escrito de D. Javier García Parapar, veciño de Viveiro e con domicilio na parroquia de Celeiro, rúa Lavandeiras, 8-21-D, solicitando autorización para colocación dun valado, na rúa Alexandre Bóveda, 6, Covas, sendo as medidas da instalación: 6,00 mts. de longo e 1,50 mto. de ancho e, a data de colocación o 19-08-05, avisándose da súa retirada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o informe favorable emitido pola Policía Local, acorda autorizar o solicitado, e dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesourería, para a liquidación das taxas municipais correspondentes.

4.22.- ESCRITO DE ASORDEP, SOLICITANDO PLACA DE PASAXE PERMANENTE.

Dáse conta do escrito de ASORDEP, con domicilio social na rúa Nuria, 36, 1º, de Madrid, manifestando que a dita sociedade é propietaria da finca e casa sita na rúa de Igrexa, 40, da parroquia de Covas e, solicitando unha placa de pasaxe permanente para entrada na dita finca.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, visto o informe favorable emitido pola Policía Local, acorda autorizar o solicitado, e dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesourería para a liquidación das taxas municipais correspondentes.

4.23.- INFORME DA POLICÍA LOCAL, RELATIVO A PARALIZACIÓN DE OBRA.

Dáse conta do informe emitido pola Policía Local, en relación á obra que se está realizando no lugar de Igrexa, Galdo, consistente na construción dun muro, sendo o responsable da mesma D. Ramón González Romeo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda darse por informada e dar traslado do presente acordo ao Enxeñeiro municipal para que emita informe relativo a se a obra executada atópase conforme á licenza outorgada da que o promotor solicitou prórroga.

4.24.- INFORME DA POLICÍA LOCAL, RELATIVO A CHATARRA E VEHÍCULOS ABANDONADOS.

Dáse conta do informe emitido pola Policía Local, relativo a un depósito de chatarra e vehículos abandonados na zona do Pedregal, Covas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, darse por informada e dar traslado do presente informe ao persoal encargado da tramitación dos expedientes de retirada de vehículos.

4.25.- ESCRITO DE SIDRAMAR, C. B., SOLICITANDO ANULACIÓN DE RECIBO.

Dáse conta de escrito de Sidramar C. B., con domicilio social en Xunqueira, 7, baixo, manifestando que no exercizo 2004, solicitaron autorización para instalación dunha terraza no lugar indicado, non chegándose a poñer por falta da preceptiva autorización, sendo esta dada no mes setembro, é polo que solicitan anulación do recibo por importe de 151,20 Euros, polo concepto de Terrazas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda autorizar a devolución solicitada, e dar traslado do presente acordo ao departamento de Recadación.

4.26.- ESCRITO DE D^a. OLGA CANDO PIN, SOLICITANDO COPIA DE DENUNZA DA POLICÍA LOCAL.

Dáse conta do escrito de D^a. Olga Cando Pin, veciña de Viveiro e con domicilio en Granxas, 11-4º B, da parroquia de Covas, no que solicita unha copia da denuncia realizada ao Café Concerto Fran, xa que os veciños non teñen coñecemento da mesma.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado, a D^a. Olga Cando Ben e a D^a. Maribel Varela Fariñas, das medicións realizadas, mediante sonómetro, nos seus domicilios, pola Policía Local.

5º.- APROBACIÓN DE ALTAS DE RECIBOS CORRESPONDENTES AO I.V.T.M., EXERCICIO 2005.

Vista a relación de altas de recibos, correspondentes ao mes de agosto de 2005, polo concepto do I.V.T.M., cun total de 57 contribuíntes, que van desde o número 9.093 ata o 9.149, ambos os dous inclusive, por un importe total de 1.992,67 €uros, e detallados da forma seguinte:

| | |
|-------------------------|-----------------------|
| 4 ciclomotores | 11,76 €uros |
| 8 motocicletas | 77,62 “ |
| 40 turismos | 1.614,12 “ |
| 1 camión | 55,24 “ |
| 4 furgóns | 233,93 “ |
| 57 contribuíntes | 1.992,67 €uros |

A Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar as altas de recibos correspondentes ao I.V.T.M., mes de agosto de 2005, por un importe total de 1.992,67 €uros.



6º.- APROBACIÓN DE AXUDAS DE CUSTO POR ASISTENZA A ÓRGANOS DE GOBERNO E GRATIFICACIÓNS ESPECIAIS A FUNCIONARIOS. XULLO 2005.

Vista a relación correspondente ás axudas por asistencias a órganos de goberno e gratificación especiais a funcionarios/as por servizos realizados fóra da xornada ordinaria de traballo, durante o mes de xullo de 2005.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Liquidar aos seguintes concelleiros/as e funcionarios/as as asistencias e gratificacións polo servizos prestados aos seguintes órganos de goberno, durante o mes de xullo de 2005:

Plenos

Comisión Informativa 26/7/2005 (URBANISMO)

Xunta de Goberno 4/7/2005-11/07/2005-18/07/2005-28/07/2005

**AXUDAS DE CUSTO POR ASISTENZAS A ÓRGANOS DE GOBERNO E GRATIFICACIÓNS ESPECIAIS A FUNCIONARIOS/AS POR SERVIZOS REALIZADOS FÓRA DA XORNADA ORDINARIA DE TRABA-
LLO, CORRESPONDENTES AÓ MES DE XULLO DE 2005**

| Nome Concelleiro/Concelleira | Nº Plenos | Importe por Pleno (€) | Nº Comisions Informativas | Importe por Comisión Informativa (€) | Nº Xuntas de goberno Local | Importe por Xunta de Goberno Local (€) | Importe Bruto (€) | % Retención de IRPF | Retención IRPF | Importe líquido (€) |
|--------------------------------|-----------|-----------------------|---------------------------|--------------------------------------|----------------------------|--|-------------------|---------------------|----------------|---------------------|
| D.Cesar Aja Mariño | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 25% | 0,00 | 0,00 |
| D. Jose Joaquín Gayoso Roca | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 20% | 0,00 | 0,00 |
| D. Justo Vicente Vázquez Chao | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 10% | 0,00 | 0,00 |
| D. Antonio Solla Díaz | 0 | 60,10 | 1 | 30,05 | 0 | 30,05 | 30,05 | 15% | 4,51 | 25,54 |
| Dña. Marta Pérez Lage | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 10% | 0,00 | 0,00 |
| D. Guillermo Leal Arias | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 2% | 0,00 | 0,00 |
| Dña. Rosario Canoura Labayen | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 2% | 0,00 | 0,00 |
| D. Orlando Expósito Mariño | 0 | 60,10 | 1 | 30,05 | 0 | 30,05 | 30,05 | 2% | 0,60 | 29,45 |
| D. Cesar Naval Parapar | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 4 | 30,05 | 120,20 | 2% | 2,40 | 117,80 |
| D. José Luis Docampo Fortes | 0 | 60,10 | 1 | 30,05 | 4 | 30,05 | 150,25 | 2% | 3,01 | 147,24 |
| D. Rafael Luis Fernández Amor | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 4 | 30,05 | 120,20 | 2% | 2,40 | 117,80 |
| Dña. Ana Maria Basanta Tojo | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 2% | 0,00 | 0,00 |
| Dña. Rebeca Fernández Martínez | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 2% | 0,00 | 0,00 |
| D. Jose Antonio Goas Basanta | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 2% | 0,00 | 0,00 |
| D. Antonio José Bouza Rodil | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 2% | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL | | | | | | | 450,75 | | 12,92 | 437,83 |



**EXCMO.CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

| | | | | | | | | | | |
|-------------------------------|---|-------|---|-------|---|-------|---------------|-----|--------------|---------------|
| Dña Sara Martínez Alvarez | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 3 | 30,05 | 90,15 | 25% | 22,54 | 67,61 |
| D. Gonzalo López-Santos Rubal | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 1 | 30,05 | 30,05 | 18% | 5,41 | 24,64 |
| D.Alfonso Tenorio Aranguren | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 2 | 30,05 | 60,10 | 20% | 12,02 | 48,08 |
| D. José Vivero Russo | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 0 | 30,05 | 0,00 | 16% | 0,00 | 0,00 |
| D. Fidel García Martul | 0 | 60,10 | 0 | 30,05 | 3 | 30,05 | 90,15 | 23% | 20,73 | 69,42 |
| TOTAL | | | | | | | 270,45 | | 60,70 | 209,75 |

2º.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Tesourería para a súa tramitación.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

E ó non haber máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as horas e minutos da data indicada máis arriba, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.